

CORES, CONTOS & ROCK'N'ROLL coa

Sinopse

(Ver Vídeo)



“Cores, Contos e Rock’n’Roll coa Ramona pequena” chega da man de Pakolas como un espectáculo de pequeno formato onde a interacción coas nenas e nenos, a súa música acompañada por contos e historias, e as cores e debuxos en directo de Laura Romero son o principal atractivo para o público. Esta proposta multidisciplinar crea así unha escena na que non so se pode gozar da música, senón tamén do debuxo e as cores que a rodean. Un espectáculo para todos os sentidos.

Paco Cerdeira (Pakolas) guiaranos coa súa forza interpretativa e o seu humor por todo un universo musical, a través da súa voz e guitarra, e contando nesta ocasión co apoio de Laura Romero (ilustradora), dando unha nova dimensión visual coa creación en directo de debuxos con cores que acompañan ás cancións e contos que nelas se recollen, e axudando así a Pakolas na presentación das súas historias e personaxes. Laura Romero é a encargada de darlle vida a todas as súas personaxes, que atoparedes nos seus libros, a través das imaxes e debuxos cheos de colorido.

Pakolas e Laura preséntannos o seu libroqr “A Ramona Pequena vai á lúa” (Abril 2023 Ed. Galaxia), unha nova entrega das historias da súa labrega inventora favorita “Ramona Órbita, a dona do tempo”, e desta volta a máquina do tempo lévanos á súa infancia. Contamos, cantamos e debuxamos a historia da Ramona pequena. Vivimos así unha nova aventura didáctica e rockeira rebordante de imaxinación e aprendizaxe.

Corría o ano 1967 no Courel e Ramona contaba con 6 aniños. Era unha nena movida por constantes inquedanzas, cunha mente esperta e imaxinativa. Adoraba perderse entre as páxinas de Xulio Verne, “A volta ao mundo en 80 días”, “20 mil leguas de viaxe submarino”, “Viaxe ao centro da terra” e sobre todo un que lle espertaba a mais grande das curiosidades, “Da terra á lúa”, que lía unha e outra e outra vez. A Lúa era para ela unha fonte imparabile de preguntas sen resposta: que tipo de leiras habería nela? Poderíase cultivar na súa superficie? Habería auga? Viviría alguén aí? Saberían, ou polo menos entenderían o galego? Sería mais grande que o Sol?

Moitas personaxes poderedes coñecer neste novo espectáculo, como a profe Lupe, que sempre escoitaba atenta as dúbidas da pequena, ou á súa amiga furona Nora, coa que consegue viaxar ata a Lúa! Con estas e outras personaxes chegaremos á fin desta viaxe, que nos ensina que a imaxinación non ten límites, a nosa cabeza é un taller de ideas onde os soños poden tornarse realidade. A historia dunha nena interesada polas ciencias, unha astronauta que acada o seu soño. De novo Pakolas volve a dar importancia á figura feminina que rompe cos estereotipos de xénero.

RAMONA PEQUENA



ESTREA
NOVO LIBRO-QR:

“A Ramona pequena
vai á lúa”



PAKOLAS

LAURA ROMERO



Ficha artística

Paco Cerdeira- Pakolas (músico) 🎸

Paco Cerdeira (Músico, Compositor e Produtor) leva adicándose ao público infantil dende xa fai mais de 15 anos, comezando os seus pasos como membro de Mamá Cabra (grupo de música didáctica infantil en galego), do que participou nos seus traballos durante mais de 10 anos continuamente, sendo eixo principal dos espectáculos desenvolvidos en coles, teatros, auditorios, librerías, bibliotecas, feiras do libro, etc.

No ano 2014, dada a súa longa traxectoria, decide formar a súa propia banda de música infantil, e nace así A Gramola Gominola, editando así o seu primeiro traballo en Libro-Cd como Autor en Marzo de 2015, "A Gramola Gominola" (Editorial Galaxia-Sonárbore). Crea cancións para un proxecto musical totalmente diferente ao visto ata ese momento, tendo como eixe central o Rock and Roll, sendo unha proposta didáctica para os máis cativos da casa. No ano 2017 editase o segundo libro-disco "Cancións para desafinar" seguindo a mesma liña, e no 2019 sae á luz o terceiro traballo da banda, "Bravas. O rexurdir da luz", todos coa Ed. Galaxia. Ademais da formidable aceptación do público, acadan o Premio Martín Códax da Música 2018 ao mellor grupo de música infantil

O seu proxecto máis persoal, Pakolas, nace a finais de 2015, no que segue a compoñer para a cativada con letras e composicións propias. O seu primeiro traballo en solitario, "Pakolas" (2017), é un libro-disco publicado pola Ed. Galaxia, que conta co respaldo do Colexio Profesional de Logopedas de Galicia. En agosto de 2020 sae editado o seu segundo traballo en solitario, "Ramona Órbita, a dona do tempo" (Ed. Galaxia, 4ª Ed Set 2023). Axiña agota a súa primeira edición, tan só cinco meses despois da súa estrea. En Xaneiro de 2021 sae do prelo a segunda edición ata a cuarta edición en setembro de 2022, con mais de 2.000 exemplares vendidos. Neste novo libro conta e canta a ritmo moi rockeiro a historia de Ramona Órbita, unha muller labrega da Serra do Courel que posúe unha horta cibernética con patacas automáticas, e ademais ten unha máquina do tempo, coa que viaxa ao futuro e ao pasado na procura de tecnoloxía para crear un mundo mellor, máis ecolóxico e con enerxías limpas.

En 2023 sae editado o seu terceiro traballo en solitario, "A Ramona Pequena vai á lúa" (Ed. Galaxia, 2ª Ed Set 2023), unha nova entrega das historias da súa labrega inventora favorita, e desta volta a máquina do tempo lévanos á súa infancia. Corría o ano 1967 no Courel e Ramona contaba con 6 anos. Era unha nena movida por constantes inquedanzas, cunha mente esperta e imaxinativa. Adoraba perderse entre as páxinas de Xulio Verne, sobre todo un que lle espertaba a maior das curiosidades, "Da terra á lúa". Este novo libro asgota a primeira tirada en tan só cinco meses

En 2023 tamén resulta gañador do XIV Premio Rosalía de Castro da Deputación da Coruña



Laura Romero (ilustradora) 🎨

Laura Romero é licenciada en Belas Artes pola Univ. de Salamanca. O seu traballo abrangue a ilustración artística e comercial combinada co deseño gráfico. O seu primeiro traballo editorial para nenos e nenas é o conxunto de ilustracións que dan cor ó libro-CD de Pakolas, e tamén ilustra a "Ramona Órbita", o segundo libro de Pakolas. Impartiu obradoiros artísticos como voluntaria en Aldeas Infantiles no 2015 e no centro Down Compostela no 2016. No 2017, paralelamente ó traballo do proxecto Pakolas, organizou e impartiu obradoiros de libro ilustrado en colexios para alumnado de Educación Infantil e Primaria. No ano 2018 comeza a xirar con Pakolas no espectáculo "Cores, contos e rock"

Dende o punto de vista técnico Laura empregará un cabaleta, pinceis, negro con combinación de varias cores e papeis de gran formato para ilustrar imaxes acordes á música, en concordancia con cada unha das cancións do espectáculo.

Dende o punto de vista técnico da música, Paco interpreta en vivo e directo a través da súa voz cantando e tocando a guitarra, e completa o conxunto do espectáculo cunhas bases gravadas de baixo e batería fundamentalmente, que conforman a composición musical.



Ficha técnica

Espectáculo: Musical e ilustración en directo

Duración: 50 min

Idioma: Galego

Música e son: Paco Cerdeira (*)

Ilustración en directo: Laura Romero Atrezo: Ana Tenreiro

Público: Infantil e familiar.

Escenario (**): Ancho: 5,0 m Fondo: 3,0 m Alto: 2,5 m.

Montaxe: 1.5 horas (unha vez descargado). Desmontaxe: 1 hora.

Equipo de son: (O enchufe de corrente deberá ser de 220 voltios con toma á terra). Equipo propio, para un aforo máximo de 200 persoas

(**) Adaptable a diferentes espazos de celebración, con proxección incluída, consultar.

Contacto (distribución)

Contratación: Paco Cerdeira Tlf: 649611845

Mail: pakolas.cerdeira@gmail.com

Mais datos

Web: www.pakolas.com www.eleromero.com

Cancións: www.pakolas.com/cancions

